

PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

CO TÍTULO DE BACHARELATO OU EQUIVALENTE

MARCO LEXISLATIVO	<ul style="list-style-type: none"> - Real Decreto 1892/2008, de 14 de novembro, BOE 24-11-2008; (Corrección de erros: BOE 28-3-2009 e BOE 21-7-2009) ; modificado polo Real Decreto 558/2010, de 7 de maio, BOE 8-5-2010. - Orde EDU/1434/2009, de 29 de maio, BOE 4-6-2009 - Orde do 16 de decembro de 2009, DOG 12-1-2010; modificada pola Orde do 11 de febreiro de 2010, DOG 17-3-2010; e pola Orde do 10 de maio de 2010, DOG 19-5-2010.
FINALIDADE	<ul style="list-style-type: none"> - Valorar, con carácter obxectivo, a madurez académica do estudante, así como os coñecementos e capacidades adquiridos no Bacharelato e a súa capacidade para cursar ensinanzas universitarias oficiais de Grao.
PARTICIPACIÓN NA PROBA	<ul style="list-style-type: none"> - Requisito: ter o título de Bacharel contemplado na LOE, ou título equivalente. - A proba deberá efectuarse na Universidade pública que corresponda, e só nunha única universidade no mesmo curso académico. - As comisións organizadoras determinarán as medidas oportunas para garantir as debidas condicións para a realización da proba a aqueles estudantes con algún tipo de discapacidade, tomando como base as adaptacións curriculares cursadas no Bacharelato.
ESTRUTURA	<ul style="list-style-type: none"> - A proba adecuarase ao currículo do Bacharelato e versará sobre as materias de 2º curso. - Está composta de dúas fases: xeral e específica. <ul style="list-style-type: none"> ➤ Fase xeral: Obligatoria. Consta de 5 exercicios: <ul style="list-style-type: none"> - 1º exercicio: Comentario de Lingua Castelá e Literatura. - 2º exercicio: Comentario de Lingua Galega e Literatura. - 3º exercicio: Historia de España ou Historia da Filosofía (elíxese unha na solicitude de inscrición na proba). - 4º exercicio: Lingua Estranxeira. - 5º exercicio: Unha materia de modalidade de 2º de Bacharelato (elixida na solicitude de inscrición). ➤ Fase específica: Voluntaria. <ul style="list-style-type: none"> - Cada estudante poderá examinarse dun máximo de catro materias de modalidade de 2º de Bacharelato, distintas da elixida para a fase xeral, sempre que se examine da fase xeral e da específica na mesma convocatoria. Estas materias indícanse previamente na solicitude de inscrición na proba. - En todos os exercicios de ambas fases haberá <i>dúas opcións diferentes</i> para elixir unha. - Pódense contestar en Lingua Galega ou Lingua Castelá, agás nos correspondentes exercicios e no de Lingua Estranxeira. - Duración máxima de cada exercicio: <i>1 hora e media</i> (intervalo mínimo de 45 minutos entre un e outro).
CUALIFICACIÓN DAS DÚAS FASES	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Fase xeral: <ul style="list-style-type: none"> - Cada un dos exercicios cualifícase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. - <i>Cualificación da fase xeral:</i> media aritmética das cualificacións dos exercicios, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima. Requírese como mínimo obter un 4 para despois facer media ponderada coa nota do Bacharelato. ➤ Fase específica: <ul style="list-style-type: none"> - Cada unha das materias das que se examine cualifícase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. - Considérase superada cada materia cunha nota igual ou superior a 5 puntos.

SUPERACIÓN DA PROBA	<p>- A cualificación da proba de acceso á universidade exprésase en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.</p> <p>- Considérase superada a proba de acceso cando se obteña unha nota igual ou superior a 5 puntos como resultado da media ponderada do 60 % da nota media do Bacharelato (expresada con dous decimais) e o 40 % da cualificación da fase xeral (sempre que sexa como mínimo de 4 puntos).</p> $\text{Nota media BAC} \times 0,60 + \text{Cualificación fase xeral} \times 0,40 \geq 5$
NOTA DE ADMISIÓN	<p>- Utilizarase para adxudicar a admisión naquelas ensinanzas universitarias nas que haxa máis solicitudes que prazas. Exprésase con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.</p> <p>- Incorporará as cualificacións das materias superadas da fase específica sempre que as ditas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título que se queira cursar.</p> $\text{Nota de admisión} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CFX} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$ <p>NMB: Nota media do Bacharelato ; CFX: Cualificación da fase xeral M1, M2: As dúas materias superadas da fase específica con mellor cualificación unha vez aplicados os parámetros de ponderación a, b: Parámetros de ponderación entre 0,1 e 0,2 para as materias da fase específica (Ao inicio de curso as universidades farán públicos estes valores)</p>
RECLAMACIÓNS	<p>- <i>Prazo</i>: Tres días hábiles a partir da data de publicación das cualificacións.</p> <p>- <i>Lugar</i> de presentación: no respectivo LERD (en impresos específicos).</p> <p>⊗ Segunda corrección:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Solicítase á presidencia do tribunal cualificador. - Os exercicios son corrixidos por un profesor/a distinto á primeira corrección. - A cualificación será a media aritmética das dúas correccións. De haber dous ou máis puntos de diferenza entre as dúas cualificacións, o tribunal efectuará unha terceira corrección. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións. - O estudante ten dereito, previa solicitude, a ver o exame corrixido unha vez finalizado na súa totalidade o proceso de corrección e reclamación, no prazo de 10 días, na data e lugar que se lle indique. - Despois do proceso de segunda corrección aínda se pode presentar reclamación ante a Comisión Organizadora, no prazo de tres días hábiles. <p>⊗ Reclamación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Solicítase á Comisión Organizadora. - Un profesor/a distinto revisa os exercicios e os posibles erros no cálculo da nota. - Cualificación: a que resulte da revisión, sempre que sexa superior á da primeira corrección (agás nos casos de erros de suma, que será a que sexa correcta). - Esta vía exclúe a posibilidade de solicitar despois a segunda corrección.
CONVOCATORIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Haberá dúas convocatorias anuais: ordinaria e extraordinaria. - Posibilidade de presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación da fase xeral ou de calquera das materias da fase específica. Considerarase sempre a cualificación superior entre as obtidas. - A superación da fase xeral da proba terá validez indefinida. - A cualificación das materias da fase específica terá validez nos dous cursos seguintes á súa superación.

**ADSCRICIÓN DAS MATERIAS DE MODALIDADE DE 2º DE BACHARELATO
ÁS RAMAS DE COÑECEMENTO DAS ENSIANZAS UNIVERSITARIAS**

Ciencias Sociais e Xurídicas

- Análise musical II
- Anatomía aplicada
- Artes escénicas
- Bioloxía
- Ciencias da Terra e medioambientais
- Cultura audiovisual
- Debuxo artístico II
- Debuxo técnico II
- Deseño
- Economía
- Economía da empresa
- Física
- Xeografía
- Grego II
- Historia da música e a danza
- Historia da arte
- Historia do mundo contemporáneo
- Latín II
- Linguaxe e práctica musical
- Literatura universal
- Matemáticas II
- Matemáticas aplicadas ás C. Sociais II
- Química
- Técnicas de expresión gráfico-plástica
- Volume

Artes e Humanidades

- Análise musical II
- Anatomía aplicada
- Artes escénicas
- Cultura audiovisual
- Debuxo artístico II
- Debuxo técnico II
- Deseño
- Economía
- Economía da empresa
- Xeografía
- Grego II
- Historia da música e a danza
- Historia da arte
- Historia do mundo contemporáneo
- Latín II
- Linguaxe e práctica musical
- Literatura universal
- Matemáticas aplicadas ás C. Sociais II
- Técnicas de expresión gráfico-plástica
- Volume

Ciencias da Saúde

- Anatomía aplicada
- Bioloxía
- Ciencias da Terra e medioambientais
- Física
- Matemáticas II
- Química

Ciencias

- Bioloxía
- Ciencias da Terra e medioambientais
- Electrotecnia
- Física
- Matemáticas II
- Química
- Tecnoloxía industrial II

Enxeñaría e Arquitectura

- Bioloxía
- Ciencias da Terra e medioambientais
- Debuxo técnico II
- Deseño
- Economía
- Economía da empresa
- Electrotecnia
- Física
- Matemáticas II
- Química
- Tecnoloxía industrial II